

BUISSON, F. (2017). *Dictionnaire de Pédagogie et d'Instruction Primaire*. Edition établie et présentée par P. Dubois et Ph. Meirieu. Paris: Robert Laffont. 1216 pp.

Estamos ante a reedición de 250 entradas, escritas por 96 autores, do famoso *Dictionnaire de Pédagogie* dirixido por Ferdinand Buisson. A creación do *Dictionnaire* promoveuse en 1878 a modo de suplementos periódicos de 32 páxinas, que comezaron a aparecer en 1882, sostidos por 1500 subscritores, ata chegar á súa edición final reunida en catro volumes en 1887, cun total de 5500 páxinas, con tiraxes situadas entre as 8500 e as 12000 copias. En 1911 aparecería unha nova edición de 5500 exemplares posta ao día nun único volume (*Nouveau Dictionnaire...*), de 2070 páxinas (a dúas columnas de moi miúda letra, posible mercé ao oficio editorial de Louis

Hachette), mais convertida tanto na súa primeira edición como nesta de 1911 nun fundamental instrumento de información e de formación ao servizo do desenvolvemento escolar e docente en Francia.

En 1984 Pierre Nora (que abre a presente edición co texto «En guise de Préface», pp. VII-XXVIII), dedicoulle ao *Dictionnaire* un dos artigos do primeiro tomo de *Lieux de mémoire*. La République. Facioo con plena convicción da grande importancia que o dicionario había ter na configuración social e mental en relación co que cabía esperar e o “deber ser” da escola francesa, chegando a ser un fenomenal repositorio de memoria colectiva en favor dunha conexión íntima entre a instrución primaria e a identidade nacional francesa. Nese momento de 1984 a dificultade de acceso á súa consulta nos depósitos bibliotecarios públicos parecía ser grande, malia as importantes tiraxes editoriais rexistradas e desde 2004 e 2006 é posible o acceso dixital a través da Bibliothèque National de France e do Institut Français d'Éducation, respectivamente. O *Dictionnaire* e o seu mentor mereceron distintos estudos específicos, en concreto por parte de P. Dubois (que intervéñen igualmente na presente edición), D. Denis & P. Kahn e de P. Cabanel.

Un extraordinario vademécum, destinado a servir de guía teórico-práctica, que se dirixía sobre todo ao profesorado público e, en primeiro lugar, á elite docente: directores de *Écoles Normales*, inspectores, corpos administrativos de *l'Éducation National*, profesores universitarios e dos *Lycée*. Propiamente, como sinalou Nora, un tratado con dúas partes completamente distintas, con dous volumes en cada caso: unha parte que contén as doutrinas, a lexislación, a historia do ensino primario, é

dicir, un vasto tratado de pedagogía teórica disposto baixo a forma de suma de artigos por orde alfabética; e unha segunda parte de aplicación práctica dos principios pedagóxicos ás diversas materias escolares, constituíndo un curso completo de instrución primaria disposto para uso dos profesores: un dicionario de leccións. Unha diferenciación que desaparecerá na edición de 1911 en favor dun tratamento alfabético e máis sistematizado.

Todas as posibles referencias pedagóxicas e escolares atopan aquí o seu tratamento, baixo o impulso da fundamental figura de Ferdinand Buisson, quen puido desenvolver con plenitude a súa empresa, iniciada con anterioridade, baixo os auspicios do ministro Jules Ferry. Buisson (1841-1932), protestante ultraliberal e radical político, defendía a escola pública obrigatoria, gratuíta e laica e ese espírito transparentase nas páxinas do *Dictionnaire*, nas que, con todo, escriben personalidades con diversos rexistros e orientacións políticas e relixiosas.

Nunha empresa en que puido contar, entre outros, co propio Ferry, Félix Pécaut, Jules Steeg, Duruy, Macé, Compayré, Charles Renouvier, Jules Simon... e como secretario permanente con James Guillaume, librepensador e bakunista, curtido en loitas de ámbito protosocialista, quen, ademais, co seu coñecemento do desenvolvemento pedagóxico alemán achegará algunhas das máis caracterizadoras entradas do dicionario: Comenio, Froebel, Pestalozzi, Escritura, Lectura, Libros escolares, Tráballo manual... e unha extraordinaria historia sobre a Revolución francesa desde o punto de vista do seu significado para o desenvolvemento escolar; entradas que eran en


varios casos auténticas e extensas monografías.

O dicionario deita luz sobre os grandes empeños no impulso da educación popular, é crónica institucional, achega unha galería de retratos de menos coñecidos construtores da historia educativa, todo o escenario escolar posible, brillante ou humilde,... e, como de novo sinala Nora, nel combínanse diversos tipos de memoria: histórica e xornalística, corporativa e universal, sentimental e etnolóxica, compoñendo unha catedral laica, se se pode dicir así, da escola primaria, tal e como fai notar Meirieu en relación co que Nora escribira. Tamén Meirieu resalta o valor do dicionario: debuxa un proxecto de instrución universal en beneficio do progreso económico, técnico, moral e político; sinala a dirección laica e republicana da empresa educativa; é claro nas perspectivas e concreto nos métodos; procura «incardinar sempre os principios nas prácticas e referir sen cesar as prácticas aos principios», como primeira tentativa sería de efectiva formación continua, cidadá, cultural e profesional dos docentes (p. XXXIII): unha obra á altura dos desafíos educativos do seu tempo, que funda a pedagogía da escola republicana (non se debe só ensinar o que une; débese tamén ensinar o que libera).

Unha obra enciclopédica fóra do común, indica Dubois (p. XLV), unha suma erudita e entusiasta composta por 2600 artigos ordenados alfabeticamente e escritos por 358 autores, distintos nas súas posicións, aínda que mostraban en común o seu compromiso en favor da educación popular, baixo as convicións liberais de Buisson, e o impulso da modernidade pedagóxica. Todo un combate con inspiración musical protestante liberal e espiritualista.

Un posto de observación incomparable desde o que poder comprender mellor as relacións complexas que o Estado republicano francés mantén coa súa escola, indica tamén Dubois (p. LX).

Antón COSTA RICO
USC



JOSÉ ANTÓNIO AFONSO, *Escolas rurais na 1ª República portuguesa. 1910-1926. Discursos e representações sobre a periferia.* (Santo Tirso, 2016).

Este traballo de José António Afonso, “Escolas rurais na 1ª República portuguesa. 1910-1926. Discursos e representações sobre a periferia”, conta con un prefácio da autoría de Justino de Magalhães o que, desde logo, o valoriza. Nas primeiras liñas do prefácio é feito jus a um valor bastante significativo que a obra possui, já que “o

tema das escolas rurais está pouco explorado pela historiografia da educação em Portugal” o que revela “algum ineditismo” e também um “contributo substantivo asociado a uma perspectiva inovadora, quer no plano metodológico ... quer no plano hermenêutico” (p. 7).

Poder-se-ia fazer quase uma cópia do prefácio que o libro ficaria, no esencial, apresentado. Contudo, vamos acrescentar um pouco mais da nossa lectura pessoal, porventura menos complexa e filosófica, mas que transmite o sentimento que de nós se apoderou durante e após a lectura destas cerca de noventa páxinas que encerram o texto resultante do traballo de investigación do autor.

A isotopia, e a utopia, republicana, que conduzia a crer que a escola seria o fator definitivamente regenerador da sociedade, é analisada em pormenor pelo autor que se debruça sobre a cuestión da generalización da escolaridade a toda a poboación e as iniciativas políticas orientadas para esa finalidade, notadamente as Escolas móveis, portadoras de uma dignidade que non se quería inferior ás das escolas ditas permanentes, fixadas em edificios locais e, também, à cuestión da escola rural que, obviamente, non podía ser igual à escola urbana. Mas será que non a imitava? Esta cuestión atravesca toda a obra conduzindo à dicotomía “escolas rurais” versus “escolas em espazos rurais” que o autor presenta, inclinándose a asseverar terem sido as segundas que efetivamente existiram, con todas as limitacións que isso acarretou.

O primeiro capítulo, chamado de “rururas políticas e continuidades culturais,” onde o autor aborda a produción histográfica dispoñible para o período estudado, é,